



Expediente número: PLN/2020/10

ACTA

**Sesión Ordinaria 10 2020 celebrada polo Pleno
do Concello o día 27 de agosto de 2020.**

ORDE DO DÍA


PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, se procede, da Acta da sesión Ordinaria 9/2020 do 30.07.2020**
2. **Toma de Posesión como Concelleiro de Alberto Álvarez Pérez.**
3. **Expediente 4081/2018. Adxudicación do Contrato de Subministración, Mediante Arrendamento Financeiro con Mantemento (Renting) de tres vehículos para o Servizo Municipal da Policía Local.**
4. **Expediente 3734/2020. Aprobación das Subvencións Nominativas ano 2020**
5. **Expediente 3737/2020. Aprobación do Plan Económico Financeiro de 17 de agosto 2020 (2019-2021)**
6. **Aprobación da Modificación de Crédito MC 21-20 CE 01-20**

PARTE DE CONTROL

7. **Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito MC 20-20 GC 07-20 e MC 22-20 TC 10-20**
8. **Dar Conta da Información do 2º Trimestre.**

Concello de Redondela





9. Dar Conta da Modificación no Nomeamento de Voceiros do Grupo Municipal Socialista.

10. Dar Conta da Modificación nos nomeamentos de Tenentes da Alcaldesa.

Actividades de control do pleno.

11. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

12. Mocións.

13. Rogos e preguntas.

No Multiúsos da Xunqueira, local habilitado por Resolución da Alcaldía número 2020-1910 de data 24 de agosto de 2020 para a celebración da sesión do pleno, e sendo as vinte horas e trinta minutos do día 27 de agosto de 2020 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ

GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor accidental do Concello, Alfredo Polín Núñez e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas polo CoViD-19 e das vítimas da violencia de xénero.

2) Faise un receso ás 23.08 horas Retomase o Pleno ás 23.22.

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión Ordinaria 9/2020 do 30.07.2020.

Dáse conta do borrador da acta da sesión Ordinaria número 9/2020 do 30/07/2020.

INTERVENCIONES:

O Sr. González, solicita as seguintes modificacións:

Na páxina 10, na intervención da concelleira Couñago Andrés onde di: “o voceiro do BNG fixo unha proposta de reducir a asignación nun **mes**, pero AER propuxo todo o mandato”, debe dicir: “o voceiro do BNG fixo unha proposta de reducir a asignación nun **trimestre**, pero AER propuxo todo o mandato”

Na páxina 11, na intervención do concelleiro González, onde di: “O que plantexaron de dar era o dun mes, era para as ONGs.” debe dicir: “O que plantexaron de dar era o dun mes, era para as ONGs, **e AER e o PP votaron en contra**”.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase coa modificación proposta polo BNG, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 20 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





2. Toma de Posesión como Concelleiro de Alberto Álvarez Pérez.

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro do PSdeG- PSOE Alberto Álvarez Pérez, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, de acordo coa fórmula legalmente establecida, toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

3. Expediente 4081/2018. Adjudicación do Contrato de Subministración, Mediante Arrendamento Financeiro con Mantemento (Renting) de tres vehículos para o Servizo Municipal da Policía Local.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio do día 19 de agosto de 2020 que di:

"Mediante resolución da Alcaldía núm. 716/2020 de data 18.03.2020 iniciouse o expediente para a contratación da Subministración, mediante arrendamento financeiro con mantemento (renting) de tres vehículos para o servizo municipal da Policía Local, cun prazo para o arrendamento financeiro de sesenta (60) meses, prorrogable por períodos mensuais ata un máximo de 12 meses, cun valor estimado do contrato de 199.216,80 euros, sen IVE, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga e a variación anual de quilómetros percorridos por cada vehículo, e cun orzamento máximo de licitación anual de 33.120,00 euros, máis o IVE do 21% por importe de 6.955,20 euros, o que fai un total de 40.075,20 euros, que se corresponde cunha circulación de 30.000 Kms/ano, a razón de 920 euros/mes (sen IVE) para cada un dos vehículos, a licitar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por ser o procedemento ordinario no que calquera persoa física ou xurídica que reúna capacidade pode presentar a súa oferta e no que a adjudicación recaerá na mellor oferta en relación calidade-prezo.

Por acordo do Pleno adoptado na sesión extraordinaria núm. 4 de data 29.04.2020 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP), de data 26.05.2020, aprobouse o expediente de contratación e o gasto

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





con cargo á aplicación orzamentaria 1321A/2040000 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente, e acordouse a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento aberto simplificado para a contratación da devandita subministración.

O día 25.06.2020 tivo lugar o acto de exame da documentación contida no Sobre Único Electrónico da única empresa licitadora presentada ao procedemento aberto simplificado para a contratación da *Subministración, mediante arrendamento financeiro con mantemento (renting) de tres vehículos para o servizo municipal da Policía Local*, co resultado que se reflicte na acta da reunión que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa, a secretaria xeral do Concello informa de que a licitación se tramitou electronicamente e de que se presentaron catro proposición a través da Plataforma de Contratos do Sector Público que son as seguintes:

IDENTIDADE	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
ANDACAR, SA CIF A12363529 SOBRE ELECTRÓNICO A e B	23-06-2020 13:28	EN PRAZO
AUTOS IGLESIAS, SL CIF B27014398 Representante: Jesús María Iglesias Rodríguez SOBRE ELECTRÓNICO A e B	18-06-2020 12:31	EN PRAZO
BANCO SANTANDER, SA CIF A39000013 Representante: José Manuel Guinarte Pose e Luis Miguel Pernas Hermida SOBRE ELECTRÓNICO A e B	23-06-2020 13:43	EN PRAZO
GRUPIVAZGLE, SL CIF B27480581 Representante: M. ^a Elena Vázquez Grandela	23-06-2020 13:42	EN PRAZO

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





IDENTIDADE	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
SOBRE ELECTRÓNICO A e B		

Segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido na base 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), aprobado por acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria núm. 4 de data 29.04.2020, procédese en primeiro lugar a apertura, mediante dispositivo electrónico, do Sobre Electrónico A dos catro licitadores presentados, achegando as empresas licitadoras os seguintes documentos:

- **Andacar 2000, SA** con CIF núm. A12363529:

a) Certificación do Rexistro Mercantil de Castellón das contas anuais correspondentes ao ano 2018 en lugar da declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.

- **Autos Iglesias, SL** con CIF núm. B27014398:

a) Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.

- **Banco Santander, SA** con CIF núm. A39000013:

a) Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación pero na que non está cuberto o campo do apartado 1 relativo ao artigo dos estatutos sociais que fai referencia ao obxecto social da empresa e tampouco indica o nome das empresas vinculadas despois de sinalar que a entidade mercantil pertence ao grupo de empresas Banco Santander.

- **Grupivazgle, SL** con CIF núm. B27480581:

a) Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación pero na que non está cuberto o campo do apartado 1 relativo ao artigo dos estatutos sociais que fai referencia ao obxecto social da empresa.

A continuación a secretaria xeral municipal informa de que a declaración responsable presentada por Autos Iglesias, SL se axusta ao modelo do Anexo I do PCAP e que a empresa debe ser admitida á licitación, mentres que a Andacar 2000, SA, Banco Santander, SA e Grupivazgle, SL haberá que requiririlles para que, segundo o establecido no PCAP, procedan a emenda da documentación presentada, debendo presentar a declaración responsable a primeira delas e subsanar a declaración as outras dúas.

Á vista do anterior a Mesa, por unanimidade dos seus membros, acorda o seguinte:

1º) Admitir á licitación a Autos Iglesias, SL.

2º) Requirir a empresa Andacar 2000, SA, para que, no prazo de tres días hábiles, presente, a declaración responsable do Anexo I do PCAP.

3º) Requirir aos licitadores Banco Santander, SA e Grupivazgle, SL para que, no prazo de tres días hábiles, presenten, a declaración responsable do Anexo I do PCAP debidamente cuberta.

A Presidencia da por rematado o presente acto e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto coa Presidenta, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Efectuado a través da Plataforma de Contratos do Sector Público con data do 25.06.2020 o requirimento ás empresas Andacar 2000, SA, Banco Santander, SA e Grupivazgle, SL, para que, no prazo de tres días hábiles, subsanasen a documentación administrativa, o día 02.07.2020 se reúne novamente a Mesa de Contratación, co resultado que se recolle na acta que se transcribe a continuación:

“Constituída a Mesa, procédese en primeiro lugar a someter a votación a acta da sesión anterior celebrada o 25.06.2020 que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, a secretaria xeral municipal informa de que, tal como se acordou na sesión anterior, se requiriu, o mesmo día 25.06.2020 e a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, ás dúas empresas que non tiñan cubertos todos os campos a encher polos licitadores na Declaración responsable do Anexo I do Prego de cláusulas administrativas particulares

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





(PCAP) que rexe a licitación, aprobado por acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria núm. 4 de data 29.04.2020, e a empresa que non tiña presentado a devandita declaración para que, no prazo de tres días hábiles, procedesen á súa emenda e que, dentro do prazo conferido para o efecto, Andacar 2000, SA, Banco Santander, SA e Grupivazgle, SL presentaron, tamén a través da Plataforma, documentación de subsanación.

A continuación procédese á apertura, mediante dispositivo electrónico, dos sobres presentados por Grupivazgle, SL, Andacar 2000, SA e Banco de Santander, SA, na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 25.06.2020 ás 12:20 e 18:20 horas e o día 30.06.2020 ás 15:41 horas, respectivamente, e, se comproba que as declaracións responsables presentadas polas dúas primeiras se axustan ao modelo do Anexo I do PCAP e están debidamente cubertas, polo que a secretaria xeral municipal comunica que deben ser admitidas á licitación.

Respecto da declaración responsable presentada polo Banco Santander, SA compróbase que, no apartado 1 que fai referencia ao artigo do estatutos sociais relativo ao obxecto social, sinala “ver Anexo Escrito Objeto Social”, achegando un documento no que explica o seguinte:

“Nos permitimos aclarar a los efectos pertinentes, que la contratación de arrendamiento no financiero u operativo es una prestación que está comprendida dentro de los fines, objeto o ámbito de actividad, a tenor de sus estatutos de BANCO SANTANDER, S.A. (en los términos del Art. 66 de la LCSP). El objeto social de BANCO SANTANDER, S.A. establece: “1. Constituye el objeto social: a) La realización de toda clase de actividades, operaciones y servicios propios del negocio de banca en general y que le estén permitidas por la legislación vigente”. Lo anterior responde a la forma en la que por obligación legal deben estar redactados los estatutos de este tipo de entidades, pues sería inviable recoger expresamente TODAS LAS POSIBLES OPERACIONES QUE PUEDA SER REALIZADAS POR UN BANCO. Las operaciones de arrendamiento financiero y arrendamiento no financiero (*renting*) habían sido desarrolladas por BANSALEASE, S.A. E.F.C. y SANTANDER DE RENTING, S.A. E.F.C. (empresas todas ellas vinculadas a esta sociedad), hasta que el 30 de noviembre de 2010 se formaliza su fusión por absorción con BANCO SANTANDER, S.A.”

Tendo en conta ao anterior, a secretaria xeral do Concello comunica que considera que, aínda que non indica propiamente o número do artigo dos estatutos sociais, debe entenderse suficiente a referencia expresa que no devandito documento se fai o obxecto social da entidade e o feito de que o Banco Santander, SA realice, tras a fusión por absorción, as operacións de arrendamento financeiro e non financeiro (*renting*) que antes desenvolvían

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Bansalease, SA EFC e Santander de Renting, SA EFC. Neste mesmo senso o interventor municipal confirma que no anterior contrato de renting que o Concello tiña con Bansalease, SA, a partir dunha determinada data, a facturación pasou a facela Banco Santander, SA.

Así mesmo Banco Santander, SA achega un documento coa relación de empresas vinculadas ao grupo empresarial, co que se emenda a declaración responsable inicial na que non se sinalaban as empresas vinculadas. Ao engadir este documento a Plataforma de Contratación do Sector Público, ao abrir a subsanación, advirte de que o número de documentos presentados non coincide co presentado inicialmente, pero a secretaria xeral indica que este feito non ten transcendencia a efectos da admisión do licitador e que considera, á vista de todo o anterior, que debe ser admitido á licitación.

Á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, admitir á licitación ás empresas Grupivazgle, SL, Andacar 2000, SA e Banco de Santander, SA.

A continuación, segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido na base 7ª do PCAP, procédese a apertura, mediante dispositivo electrónico, do Sobre Electrónico B dos catro licitadores admitidos, co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO/ UNIDA DE (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL/ UNIDADE	IMPORTE KM EXCESO KILOMETRAXE ANUAL	IMPORTE KM MENOS KMS ANUAIS	MELLORA POTENCIA MÁXIMA C	MELLOR A NIVEL EMISIÓN S CO2
ANDACAR, SA CIF A12363529	866,67	182,00	1.048,67	0,00	0,05	130 CV	108 gr/km
AUTOS IGLESIAS, SL CIF B27014398	900,00	189,00	1.089,00	0,00	0,05	150 CV	143 gr/km
BANCO SANTANDER, SA CIF A39000013	824,17	167,67 (seguro exento IVE)	991,84	0,025	0,05	150 CV	121 gr/km
GRUPIVAZGLE, SL	899,00	188,79	1.087,79	0,00	0,09	150 CV	119 gr/km

Concello de Redondela





LICITADOR	PREZO/ UNIDA DE (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL/ UNIDADE	IMPORTE KM EXCESO KILOMETRAXE ANUAL	IMPORTE KM MENOS KMS ANUAIS	MELLORA POTENCIA MÁXIMA C	MELLOR A NIVEL EMISIÓN S CO2
CIF B27480581							

Finalmente, á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, que a documentación técnica dos vehículos ofertados polas catro empresas licitadoras sexa revisada polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello co obxecto de comprobar que a mesma é conforme coas especificacións do Prego de prescricións técnicas aprobado e que rexe esta contratación e que emita informe ao respecto.

A Presidencia da por rematado o presente acto e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto coa Presidenta, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Emitido polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello o informe sobre a adecuación da documentación técnica dos vehículos ofertados polas catro empresas licitadoras ás especificacións do Prego de prescricións técnicas que rexe contratación, a Mesa de Contratación se reúne o día 21.07.2020 co resultado que consta na acta que se transcribe de seguido:

“Constituída a Mesa, procédese en primeiro lugar a someter a votación a acta da sesión anterior celebrada o 02.07.2020 que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, a secretaria xeral municipal accidental informa de que, tal como se acordou na sesión anterior, se solicitou ao enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello que emitise informe sobre se a documentación técnica dos vehículos ofertados polas catro empresas licitadoras é conforme coas especificacións do Prego de prescricións técnicas aprobado que rexe contratación e que, Yago Bangueses Fernández, emitiu, con data 06.07.2020 e CV 93RCWH2KT5E7C54ZET266DPJ3, o informe que se transcribe de seguido:

“Logo de examinar a documentación técnica a criterio de quen subscribe manifestase o seguinte para cada unha das empresas e do equipamento a subministrar:

- ANDACAR SA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- As prestacións recollidas na ficha presentada do vehículo axustase aos mínimos exixidos no prego de prescricións técnicas.
- O ofertado en canto a mellora de potencia e emisións de CO2 coincide cos datos da ficha presentada.
- AUTOS IGLESIAS SL
- As prestacións recollidas na ficha presentada do vehículo axustase aos mínimos exixidos no prego de prescricións técnicas.
- O ofertado en canto a mellora de potencia e emisións de CO2 coincide cos datos da ficha presentada.
- BANCO SANTANDER SA
- As prestacións recollidas na ficha presentada do vehículo axustase aos mínimos exixidos no prego de prescricións técnicas.
- O ofertado en canto a mellora de potencia e emisións de CO2 coincide cos datos da ficha presentada.
- GRUPIVAZGLE SL
- As prestacións recollidas na ficha presentada do vehículo axustase aos mínimos exixidos no prego de prescricións técnicas.
- O ofertado en canto a mellora de potencia e emisións de CO2 coincide cos datos da ficha presentada.”

Así mesmo a secretaria xeral accidental comunica que se procedeu ao exame do documento que o Banco Santander, SA presentou xunto coa oferta, denominado “Memoria técnica de los servicios incluidos en la oferta para los vehículos”, para comprobar se existe contradicción co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e no de prescricións técnicas, aprobados por acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria núm. 4 de data 29.04.2020, e que, unha vez analizado, se constata que incumpre distintas cuestións dos pregos, tanto do PCAP como do PPT, concretamente as seguintes:

- No apartado 1.- Revisión, mantenimiento y reparaciones, recolle expresamente:

“[...] Los plazos tanto de mantenimiento como de reparaciones se realizarán lo

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





más rápido posible, no aceptando Banco Santander las posibles penalizaciones por no cumplir los plazos establecidos en los Pliegos”

A cláusula 20ª do PCAP recolle: “

“20ª RÉXIME DE PENALIDADES

O Concello poderá impor penalidades polas infraccións que cometa o contratista en relación coa execución do contrato e que se especifican neste prego ou no de prescricións técnicas. O adxudicatario admite e recoñece especialmente a natureza obrigacional destas penalidades e, polo tanto, a non aplicación do principio de reserva de lei, nin do procedemento sancionador regulado pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As penalidades serán impostas por Decreto do Alcalde, previa instrución dun expediente, [...]”

Non se pode admitir unha reserva *de facto* imposta polo ofertante ao sometemento ao réxime de penalidades, toda vez que o cumprimento dos pregos, tanto PCAP como PPT é unha obriga incondicional.

- No mesmo apartado 1.-, recolle tamén:

“Quedan excluídos los lavados (limpieza interior y exterior) y el combustible para el funcionamiento de los vehículos, así como la reposición de los elementos consumibles propios del equipamiento policial.”

No PPT, na cláusula 3. CONDICIÓN TÉCNICAS DO ARRENDAMENTO, en canto ao apartado 3.2 de mantemento integral, recolle entre outros na relación dos servizos de mantemento incluídos, canto menos, “O adxudicatario farase cargo da limpeza interior e exterior dos vehículos unha vez ao mes, e sen interromper o normal funcionamento dos servizos.”

A ofertante ao excluír o servizo de lavados (limpeza interior e exterior), incumpre o exixido no PPT, o cal é un servizo que, canto menos, debe incluír, sen exclusión.

No apartado 13.- SINIESTRO TOTAL.

“En el supuesto de pérdida total del vehículo por siniestro o por cualquier otro motivo, se procederá a la resolución del contrato en lo que respecta al vehículo siniestrado y consecuentemente se dejarán de abonar las cuotas del mismo, procediéndose en ese momento a efectuar la liquidación por kilometraje que proceda [...]”.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





No caso de sinistro total, propoñe a resolución do contrato no que respecta ao vehículo sinistrado, cando no PPT, no apartado 3.3 de seguro a todo risco, en canto á cobertura inclúese, no caso de sinistro total proverase a este Concello no prazo de 100 días dun vehículo da mesma marca, modelo e características, non recolle a resolución do contrato senon á obriga de prover nun prazo cun vehículo da mesma marca.

Por todas estas cuestións, debe excluírse da licitación ao Banco Santander, dado que á súa oferta contradí e incumpre distintas cuestións dos pregos, tanto PCAP como PPT, cando o seu cumprimento é incondicional e non suxeito a reservas do ofertante.

Á vista do anterior a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos seus membros, excluír da licitación a Banco Santander, SA porque a súa oferta contradí e incumpre distintas cuestións dos pregos, tanto PCAP como PPT, cando o seu cumprimento é incondicional e non suxeito a reservas do ofertante.

De seguido comunica que as outras tres ofertas presentadas se axustan ao esixido nos Pregos que rexen a contratación.

A continuación e para os efectos de establecer as empresas cuxas ofertas poden estar incursas en presunción de anormalidade de acordo cos criterios establecidos no PCAP, tómanse en consideración as proposicións presentadas polos catro licitadores admitidos á licitación que son as seguintes:

LICITADOR	PREZO/UNIDADE (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL/UNIDADE	IMPORTE KM EXCESO KILOMETRAXE ANUAL	IMPORTE KM MENOS KMS ANUAIS	MELLORA POTENCIA MÁXIMA C	MELLOR A NIVEL EMISIÓN S CO2
ANDACAR, SA CIF A12363529	866,67	182,00	1.048,67	0,00	0,05	130 CV	108 gr/km
AUTOS IGLESIAS, SL CIF B27014398	900,00	189,00	1.089,00	0,00	0,05	150 CV	143 gr/km
GRUPIVAZGLE, SL CIF B27480581	899,00	188,79	1.087,79	0,00	0,09	150 CV	119 gr/km

Concello de Redondela





A continuación a secretaria xeral do Concello informa de que na cláusula 11ª do PCAP se establecen os criterios para apreciar cando as ofertas poden estar incursas en presunción de temeridade que son os seguintes:

“Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición que se atope nos seguintes supostos:

- *Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*
- *Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*
- *Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.*
- *Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopan no suposto indicado. En todo caso, se o número das ofertas restantes é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.”*

Tendo en conta que o número de licitadores admitidos é de 3, e aplicando este criterio, procédese polo interventor municipal a realizar os correspondentes cálculos do xeito que se describe a continuación:

1º) Tómase en consideración o orzamento base de licitación sen IVE que ascende a 920,00 euros/unidade, sen IVE.

2º) Súmanse todas as ofertas económicas presentadas e admitidas (3) o que da un total de 2.665,67 euros que se divide entre o número de licitadores presentados que son 3, polo que a media aritmética resultante é de 888,56 euros.

3º) Calcúlase o 10% en importe da media aritmética que ascende a 88,86 euros.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





4º) Súmase a media aritmética obtida no paso 2º e o 10% do importe desta media, obtendo o importe da media aritmética incrementada no 10% (888,56+88,86) que ascende a 977,42 euros.

Ningunha oferta supera esta media aritmética incrementada e ningunha é inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética da ofertas presentadas porque non superan o límite de 799,70 euros.

Así mesmo, ao ser tres as ofertas admitidas, estas teñen que cumprir unha condición engadida que é que estarían incursoas en presunción de anormalidade as que sexan inferiores en máis de 25 unidades porcentuais ao orzamento de licitación que, neste caso, ascende a 920,00 euros, sendo, polo tanto, o límite para determinar a anormalidade 690,00 euros.

Á vista dos cálculos realizados non hai ningunha oferta incursoa en presunción de anormalidade porque ningunha é inferior máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética da ofertas admitidas e non superan o límite de 799,70 euros e ningunha é inferiores en máis de 25 unidades porcentuais ao orzamento de licitación e non superan o límite de 690,00 euros.

A continuación procédese polo interventor municipal á valoración da oferta presentada segundo os criterios de adxudicación establecido na cláusula 11ª das bases que rexen esta contratación (*prezo, importe a abonar por Km no caso de exceso de kilometraje anual previsto, importe abonar por km no caso realización de menos km dos previstos anualmente, mellora das prestacións técnicas respecto á maior potencia máxima C, sendo a mínima establecida no prego de prescricións técnicas, mellora do nivel de emisións de CO2 (gr/km) respecto ao previsto no prego de prescricións técnica*), respecto dos que se establece que a puntuación máxima posible a acadar é de 48,00 puntos, que son os seguintes:

"1. -Prezo (mellor proposición económica ofertada): prezo/unidade-vehículo do subministro incluíndo o mantemento, ata un máximo de 25 puntos.

O órgano de contratación puntuará coa puntuación máxima de 25 puntos a oferta máis vantaxosa desde o punto de vista económico e o resto obterá unha puntuación proporcional segundo a súa oferta, mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$P = (O/MO) \times 25$$

P=puntos da oferta a considerar

MO=prezo maior oferta

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O=prezo oferta a considerar

2.- Importe a abonar por Km no caso de exceso de kilometraje anual previsto (30.000 km/ano): ata 5 puntos, *que se outorgarán proporcionalmente de acordo a seguinte escala:*

- 0,05 euros/km: 0 puntos
- 0,025 euros/km: 2,50 puntos
- 0,00 euros/km: 5 puntos

3.- Importe abonar por km no caso realización de menos km dos previstos anualmente (30.000km/ano), *ata 5 puntos que se outorgarán segundo a seguinte escala:*

- 0,05 euros/km: 0 puntos
- 0,07 euros/km: 2,50 puntos
- 0,09 euros/km: 5 puntos

4.- Mellora das prestacións técnicas respecto á maior potencia máxima C, sendo a mínima establecida no prego de prescricións técnicas(130 cv.), *de acordo coa seguinte escala:*

- de 131 a 149 cv.: 1 puntos
- de 150 a 175 cv.: 2 puntos
- maior de 175 cv: 3 puntos

5. *Mellora do nivel de emisións de CO2 (gr/km) respecto ao previsto no prego de prescricións técnicas (≤ 145), que obterán a puntuación de acordo coa seguinte fórmula, obtendo a maior puntuación a proposta de maior rebaixa no nivel de emisións (ata 10 puntos). Así:*

$$P= 10*X/Y$$

P: puntuación da oferta a considerar

X: o nivel de emisión mais baixo de todas as ofertas presentadas

Y: o nivel de emisión da oferta a valorar"

Aplicando este criterio e considerando innecesario ningún informe adicional, dado o seu carácter obxectivo, obtéñense as seguintes puntuacións:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





LICITADOR	PREZO/ UNIDA DE (SEN IVE)	PUN TOS	IMPORT E KM EXCESO KILOME TRAXE ANUAL	PUN TOS	IMPORTE KM MENOS KMS ANUAIS	PUN TOS	MELLO RA TOS POTEN CIA MÁXI MA C	PUN TOS	MELLORA NIVEL EMISIÓNS CO2	PUNTO S
ANDACAR, SA CIF A12363529	866,67	25,0 0	0,00	5,00	0,05	0,00	130 CV	0,00	108 gr/km	10,00
AUTOS IGLESIAS, SL CIF B27014398	900,00	24,0 7	0,00	5,00	0,05	0,00	150 CV	2,00	143 gr/km	7,55
GRUPIVAZGL E, SL CIF B27480581	899,00	24,1 0	0,00	5,00	0,09	5,00	150 CV	2,00	119 gr/km	9,08

Finalmente, á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato á empresa Grupivazgle, SL, ao establecer, de conformidade coa valoración das ofertas realizada e para os efectos do disposto na cláusula 7ª do Prego, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas en función da puntuación acadada por cada un das empresas licitadoras:

1º) Grupivazgle, SL (CIF núm. B27480581) que obtén un total de 45,18 puntos.

2º) Andacar, SA (CIF núm. A12363529) que obtén un total de 40,00 puntos.

3º) Autos Iglesias, SL (CIF núm. B27014398) que obtén un total de 38,62 puntos.

Así mesmo a Mesa procede a comprobar no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas, no que está inscrita, que a empresa Grupivazgle, SL, proposta como adxudicataria, está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ningunha prohibición para contratar así como ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Finalmente a Mesa acorda que se lle requira á empresa Grupivazgle, SL, co CIF núm. B27480581, para que, no prazo de sete días hábiles, presente a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva e a acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional esixida no apartado 3 da cláusula 8ª do PCAP

Finalmente procedese a lectura da presente acta e os membros da Mesa amosan a súa conformidade co contido da mesma.

A Presidencia da por rematado o presente acto e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto coa Presidenta, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Conforme ao acordado pola Mesa de Contratación, con data 21.07.2020 efectuose, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o previsto no art. 150.2 da LCSP, o requirimento a empresa licitadora que presentou a mellor oferta, e Grupivazgle, SL presentou no Rexistro Xeral do Concello o día 28.07.2020 co núm. 6397 o aval en concepto de fianza definitiva e a través da Plataforma, o día 29.07.2020, a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se remitiu á secretaria xeral accidental do Concello e ao interventor municipal para o seu exame.

Lido o informe conxunto da Secretaría e da Intervención municipal de data 07.08.2020, que consta de 5 páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, 26 consideracións e conclusións (CV 3HRYF6C6YWJ2M5YFHXXS7JH).

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar a validez da licitación e excluír da licitación ao Banco Santander, SL porque á súa oferta contradí e incumpre distintas cuestións dos pregos, tanto PCAP como PPT, cando o seu cumprimento é incondicional e non suxeito a reservas do ofertante.

Segundo.- Adxudicar o contrato da Subministración, mediante arrendamento financeiro con mantemento (renting) de tres vehículos para o servizo municipal da Policía Local, á empresa Grupivazgle, SL, co CIF núm. B27840581 e domicilio social no Lugar de Fafián, Casa de Aldea, 8, 27290 San Vicente de Pías, Lugo, e enderezo electrónico para notificacións administracion@grupivazgle.com, representada por María Elena Vázquez Grandela con DNI núm. 33313905S, polo prezo de 899,00 euros/unidade, máis o IVE do 21% por importe de 188,79 euros, o que fai un total de 1.087,79

Concello de Redondela





euros/unidade, con suxeición estrita ao prego de cláusulas administrativas particulares, de data 18.03.2020 e CV PRH5M2WDGMCP556MC9EG94Q SJ, ao de prescricións técnicas de data 11.03.2020 e CV 3CMA2D7RYR6Y62DQWWJH9QG TK, que rexen neste procedemento, aprobados por acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria núm. 4 de data 29.04.2020, e á oferta presentada que inclúe 0,00 euros/km como importe a abonar por Km no caso de exceso de quilometraxe anual previsto (30.000 km/ano), 0,09 euros/km como importe, abonar por km no caso realización de menos km dos previstos anualmente (30.000 km/ano), unha potencia de 150 cv e nivel de emisións de 119 gr/km.

Terceiro.- As obrigas económicas que se deriven do contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1321A/2040000 do orzamento actualmente vixente.

Cuarto.- O prazo de duración do contrato será de sesenta (60) meses, contados a partir da acta de entrega e recepción dos vehículos, que terá lugar no prazo máximo de 120 días dende a formalización do contrato administrativo.

De consideralo necesario e en caso de que ao remate do devandito prazo aínda non dispuxese o Concello de novos vehículos para o servizo, entenderase prorrogado o contrato por periodos mensuais ata un máximo de doce (12) meses, previo acordo expreso do órgano de contratación e cun preaviso de cinco (5) días naturais ao tempo do vencemento mensual. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo/previo aviso prodúzase no prazo previsto neste prego.

Quinto.- Designar como responsable del contrato, con las facultades señaladas en el artículo 62 de la LCSP, ao xefe da policía local, José Delmiro Pampillón López.

Sexto.- Seguindo as disposicións do art. 151 da LCSP notificarlle esta adxudicación a todos os licitadores e publicala, no prazo de quince días, no perfil do contratante do Concello de Redondela integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público e accesible tamén dende a sede electrónica do Concello.

Sétimo.- O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de cinco (5) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación desta adxudicación. De acordo co establecido no art. 154 da LCSP, a formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación nun prazo non superior a quince días dende o seu perfeccionamento.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Oitavo.- Requirir á empresa adxudicataria para que no prazo de tres días naturais dende a notificación da adxudicación presente o modelo da cláusula 15ª do Prego para a designación da conta bancaria.

Noveno.- Seralle de aplicación á presente adxudicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e a demais normativa legal de aplicación, quedando sometido o adxudicatario para tratar as cuestións derivadas da adxudicación á xurisdición do domicilio do Concello de Redondela.””

INTERVENCIONS.-

Explica a Concelleira María Castro a proposta e explica que pola súa condición este contrato procede adxudicalo ao Pleno e lee a parte referida á proposta resolutiva.

A Sra. García resume que o que se propón e un renting de 3 vehículos por un importe de 1.087 euros. Destaca que no prego de condicións están as características de que estes vehículos son respectuosos co medio ambiente. Que é algo demandado polos membros da policía local. Nesta mesa estaba unha concelleira do grupo popular e no pleno de abril manifestou a súa críticas respecto esta contratación.

Reclama que nos procedementos de contratación, a documentación que as empresas teñan que entregar se faga en lingua galega e así se debe recoller nos pregos, e que toda a documentación noutros ámbitos das empresas contratadas polo Concello que así se esixa e llo piden así a Alcaldesa.

Por último que na mesa de contratación para a varredora que non contén con eles, que con eses 123.000 euros teñen propostas máis aproveitables para o Concello de Redondela.

O Sr. Boullosa, concorda co dito coa compañeira do BNG, respecto á redución das emisións baixando a 0,19 gr por km percorrido e tamén respecto ao dito respecto ao grupo popular que non consideraba urxente esta compra. Os vehículos están obsoletos, tanto por anos como por estado e tendo en conta os custes das súas reparacións. Di que é unha compra totalmente necesaria e urxente.

O Sr. Crespo expón que son tres vehículos a arrendar con mantemento. Que se axustan ás condicións técnicas do prego como se establece no informe técnico, e se excluíu a unha oferta porque non cumpría e resume os criterios

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





técnicos. Agarda que se doten os vehículos coa tecnoloxía máis actualizada e no caso de que se volva a alongar di que a renovación saíra moito máis cara que contratar por 60 meses. Respecto o dito polo BNG, que o PP non é quen goberna e non nos tendes que fiscalizar a nós. Naquel momento había outras cousas que atender pero si estamos de acordo en que se renoven os vehículos.

A Sra. Castro dille ao BNG, que as quendas nas mesas están determinadas previamente. Respecto ao varredoiro se poden sentar para ver a súa utilización, que non será solo son para os cascos urbanos senón que está preparada para outros núcleos de poboación. A adquisición está totalmente xustificada tendo en conta a carencia de persoal no Concello. Poden eliminarse moitos baldeos que se fan agora de forma máis manual. O espectáculo que no mes de abril deu o PP, da para longo debate. Vostedes dicían que non era urxente e en ese período de tempo xa desapareceu un vehículo e houbo que alugar un. A urxencia estaba mais que xustificada.

A Sra. García di que se alegran de que o PP cambiara de opinión. Teñen propostas máis urxentes para invertir en lugar do varredoiro e están sempre para falar.

O Sr. Boulosa, aproveita para agradecer o servizo da policía local na pandemia e dar ánimo ao xefe e o seu equipo para os meses que veñen.

O Sr. Crespo comenta que si dentro dos 60 meses se alonga moito, si se fai unha compra dos coches si son máis de tres meses o gasto vai ser enorme. Chegou tarde no mes de abril levando máis de un ano de goberno.

A Sra. Castro responde ao Sr. Crespo, que agora di que chegamos tarde no mes de abril e naquel momento dixeron que non era urxente.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes 09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG.

4. Aprobación das Subvencións Nominativas ano 2020

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda do día 19 de agosto de 2020 que di:

“Que o Orzamento do ano 2018 se aprobou definitivamente o día 31 de agosto de 2018 e foi publicado no BOP de Pontevedra o día 5 de setembro de 2018, número 171.

Para este ano 2020, dito Orzamento atópase prorrogado, sen que, salvo excepcións xustificadas, se prorrogaran as subvencións nominativas.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores.

A Intervención emitiu o seu informe de data 17 de agosto de 2020.

É por elo que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

Primeiro.- Aprobación da seguinte subvención nominativa:

<u>PARTIDA</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>IMPORTE</u>
2311A.48000	AEC.....	4.000,00
2311A.48000	Asociación Lenda.	15.000,00
2311A.48000	Diócese Tui-Vigo (Cáritas)	20.000,00
2311A.48000	Hermanos Pobres de Teis.....	3.000,00
2311A.48000	Andaina.....	18.000,00
2311A.48000	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.....	4.000,00
2311A.48000	ONG da Man.....	2.500,00
2311A.48000	Afaga.....	15.000,00
2311A.48900	Fundación Amigos de Galicia.....	6.000,00
3341A.48900	Asociación Cultural e Social de Chapela.....	36.000,00
3411A.48901	CCD Cesantes (XXXIV Bandeira Chapela).....	9.000,00

Concello de Redondela





3411A.48901 Club de Remo Chapela (Bandeira Feminina Chapela)....	9.000,00
3411A.48901 Club de Remo Chapela (Bandeira Masculina Chapela)...	9.000,00
4391A.48900 Asociación de Empresarios de Redondela.....	10.000,00

Segundo.- No caso de aprobarse esta proposta procederase á súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP. No caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converterase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións precisárase dunha nova aprobación por parte do Pleno. Finalmente procederase á publicación definitiva no BOP.”

INTERVENCIONS.-

A Sra. Castro lee a proposta.

Lee o listado, AEC, Asociación Lenda, Diócese Tui-Vigo (Cáritas), Hermanos Pobres de Teis, Andaina, Solidaridade Galega co Pobo Saharai, ONG da Man, Afaga, Fundación Amigos de Galicia, Asociación Cultural e Social de Chapela, CCD Cesantes (XXXIV Bandeira Chapela), Club de Remo Chapela (Bandeira Feminina Chapela), Club de Remo Chapela (Bandeira Masculina Chapela) e Asociación de Empresarios de Redondela, e explica que como establece a lei, as administracións poderán outorgar subvencións directamente sin procedemento de concorrencia competitiva, sempre que se den uns requisitos de interese social e que consten no orzamento, sendo de competencia plenaria por eso debemos aprobalas hoxe aquí. A falta dun regulamento que determine os requisitos e tendo en conta que estas asociacións teñen invertido xa nas súas actuacións. Explica que son as mesmas entidades que no ano 2019 máis AFAGA. Hai outras que faltan porque pola pandemia as súas actividades non se puideron realizar. Visto que imos con un pouco de tardanza na aprobación deste acordo, este goberno se compromete a que estas asociacións reciban os fondos canto antes.

O Sr. González di que é unha proposta que trae o equipo de goberno con certo atraso. Teñen estas entidades teñen que xustificar con facturas aquilo que realizan. É unha excepción que se está convertendo en norma por unha dinámica porque as administracións públicas están delegando nestas entidades que colaboran co concello para apoio de veciños e veciñas que non son da súa asociación.

Se os orzamentos de 2020 estiveran aprobados xa non se tiña que traer este acordo. Foi un compromiso para a investidura de Digna Rivas e esperamos que

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





non se teña que volver a recordar a falta dos orzamentos. Hai unha renuncia polo goberno da Xunta de poñer fondos e axudar a estas asociacións.

Hai problemas de localizacións de espazos nas instalacións municipais para estas asociacións.

Había a idea de elaborar un regulamento para lograr un procedemento máis transparente na concesión.

A Sra. Couñago expón que as contías son as mesmas que o ano pasado. Comparten algunha das manifestacións do bloque. Coinciden en que é necesario un regulamento para lograr a imparcialidade na concesión e se está traballando nun borrador. Se ben hai que ter en conta a situación que estamos vivindo cunha situación excepcional impensable no mes de marzo e igual non é o momento e por iso se decidiu demorar o estudo do regulamento. Son entidades que se deben reseñar as de ámbito social ou cultural como a de Títeres. Noutros anos estaban outras entidades que polas circunstancias de este ano non van a levar a cabo a actividade que fixeran en anos anteriores. Destaca este ano a AFAGA. Que as contías son as mesmas que o ano pasado e xustificarán posteriormente este gasto.

O importante non é cando soliciten a subvención senón cando reciban as contías.

En canto aos problemas dos espazos municipais, son os que son. Cando teñen as entidades municipais un espazo municipal teñen que compartir. É algo que hai que inculcar.

A Sra. Bastos, explica que valoran positivamente que se traia este asunto. Na moción do PP había dúas partes, aprobar os convenios e crear unha mesa para escoitar a estas asociacións. Pode ser que haxa entidades que non realizaran actividades e outras as viran incrementadas. Nomear tamén a asociación de empresarios que polo seu traballo é moi importante para o tecido empresarial e consideran que é insuficiente a contía. Aplauden a incorporación de Afaga sendo un proxecto no que xa traballaran os seus compañeiros.

Tamén precisa que é necesario levar a cabo un convenio coa confraría de pescadores e mariscadores e están esperando a que se volva a convocar a mesa de reestruturación. Imos tarde, intentemos que sexa o antes posible.

A Sra. Castro responde que a xente non se acorda que dende marzo hai moitas cousas que facer. O que vai intentar este goberno é que se paguen estes convenios canto antes e non como se viña facendo ano tras ano o último día do mes de decembro. É necesario este regulamento para determinar os criterios obxectivos para a súa concesión. As relacións con estas asociacións e este

Concello de Redondela





Concello son continuas buscando solucións para todas as súas necesidades. En canto ás cofrarías saben que son competencia da Xunta de Galicia e estamos esperando que abran esas axudas que son necesarias. Comercio tamén competencia da Xunta de Galicia e a asociación de empresarios non vai recibir máis axudas que os 10.000 euros que lle da este Concello. O Concello ten en marcha un plan de reactivación económica, con moitos aspectos que xa están en marcha dende o primeiro momento. Que nos diga que o Concello de Redondela non inverte na economía e no comercio se se incrementou o gasto en mais dun 200 por cen e a asociación de empresarios si quere comunicar co Concello non ten máis que falar comigo.

O Sr. González di que si se ten un borrador que se comparta cos grupos para ir traballando e adiantar e si se decide que non se aprobe este ano que sexa un acordo de todos. Foi marca da casa abonar os convenios no último mes do ano e se era tan importante o convenio coas confrarías solo o aprobaron dos ou tres anos, parece que segundo caera a moeda. Trouxeron en campaña electoral a Conselleira e volveu a mentir en Redondela porque as axudas para as mariscadoras que se aprobaron despois das eleccións non son compatibles.

Hai que apoiar as entidades sociais.

A Sra. Couñago explica que en relación as manifestacións da oposición é típico que este goberno vai tarde. Por moito que repitan esa palabra non é así. Cada vez que o repiten máis menten. O inicio do curso é o 7 de setembro e, non nos importan os nosos fillos?

A Sra. Amoedo replica que a Sra. Couñago se vai do punto da orde do día. A sra. Alcaldesa di que deixen expresar a sra. Couñago e faga esa comparativa.

Continua a Sra. Couñago. No ámbito social e humanitario, ademais de estas subvencións hai outras axudas como o cheques de comedor, axudas ás persoas e autónomos e empresas, ¿e a Xunta? Se estamos esperando pola Xunta si que imos tarde.

En canto á asociación de empresarios e confraría está ben que se lle de as entidades pero tamén hai que ter en conta que dende o Concello de Redondela se fan importantes actuacións e axudas que tamén repercuten nos empresarios e pemes.

A Sra. Bastos, di que os concelleiros na súa resposta non pode falar do que lle de a gana. Di que non cree incompatibles unhas axudas con outras. A comunicación debe ser efectiva e cando os colectivos se queixan será por algo.

Algunhas asociacións víronse máis prexudicadas porque temos un orzamento para emerxencia social e este ano dun orzamento de 80.0000 euros no mes de

Concello de Redondela





xuño solo se gastaron 4.000. Respecto ao acceso a información, ¿onde está a transparencia? Levamos solicitando expedientes dende o mes de outubro sen que se lle proporcionen, reiterando a solicitude ata tres veces. A ver si se pode derivar unha parte a estes colectivos e agradece o compromiso de facelas efectivas o antes posible.

A Sra. Castro di que é posible que para o seguinte pleno teñamos convocada unha mesa. Insistir de que dende servizos sociais non se están dando as axudas que corresponde non está ben. Respecto á cantidade que di tería que comprobalo. Si ten algunha solicitude pendente igual non está chegando ao lugar onde tiña que chegar. A Sra. Castro dille a sra. Amoedo que lle abre os expedientes ao momento e esta confirma que no caso dela é así. Van traballar no regulamento e reforzar a tramitación para axilizar os procedementos.

A Sra. Alcaldesa explica que respecto a Afaga, que estivo o PSOE reclamando catro anos que se fixera este convenio e firmouse rapidamente un contrato antes das eleccións.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes 09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG.

5. Aprobación do Plan Económico Financeiro de 17 de agosto 2020 (2019-2021)

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda do día 19 de agosto de 2020 que di:

“Visto o Plan Económico-financeiro de data 17 de agosto de 2020, cuxa necesidade se orixina polo incumprimento da regra de gasto posto de manifesto na liquidación do ornameto de gastos de 2019.

Visto o informe da Intervención Municipal de 17 de agosto con referencia ASR-17.08.20.7.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno.

É por elo que se propón á Comisión de Facenda,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

SEGUNDO. Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais dende a aprobación do Plan Económico-financeiro.

TERCEIRO. Dar conta á Dirección Xeral de política financeira, tesouro e fondos europeos da Xunta de Galicia.

CUARTO. A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincial.

Así mesmo, una copia do Plan acharase a disposición do público desde a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia, na sede electrónica desta Entidade Local [<http://redondela.sedelectronica.gal>].”

INTERVENCIONS.-

Explica a Sra. Castro que da liquidación dos orzamentos hai tres regras que son de obrigado cumprimento pola Lei de estabilidade orzamento, que son, a estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto. Se incumpre na liquidación do ano 2019 a regra de gasto por importe de 459,039,39 €. A regra de gasto é un parámetro que mide o aumento do gasto que se produce dun ao ano a outro. Según unha porcentaxe que establecen a lei de orzamentos do Estado, que neste caso é un 2,7. Isto non implica que se gastara máis diñeiro do que ten, senón que en relación co ano pasado co ano anterior, fixo un incremento de gasto que superou ese limite que establece o Estado. Isto implica segundo a lei de estabilidade orzamentaria que o Concello está

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





obrigado a elaborar un Plan Económico-Financeiro, que elaboran os servizos económicos.

Lee un extracto “MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN 5.1. Analizadas as causas do incumprimento da regra de gasto segundo o apartado anterior, e as cifras de magnitudes expostas no apartado 3, non se observa ningún problema estrutural no gasto desta entidade que motive a adopción de medidas extraordinarias de contención do gasto ou incremento de ingresos, xa que a adopción de ditas medidas abocaría a unha liquidación do orzamento de 2020 e 2021 cun maior remanente líquido de tesourería positivo e por tanto suporía unha ineficiencia no uso dos fondos públicos.

5.2. Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumprir a Regra de Gasto no exercicio 2020 e 2021 executando por debaixo do límite máximo previsto no anexo I deste Plan.”

O decreto que se aprobaba respecto ao remanente fai uns días elimina este requisito de cumprimento da regra de gasto, sendo polo tanto fácil o cumprimento deste plan, respecto á débeda municipal

“8. CONCLUSIÓN

8.1. Analizada a situación económica da Entidade derivada da liquidación do orzamento do ano 2019, el Concello de Redondela presenta un plan económico financeiro que se limita a corrixir o desaxuste da regra de gasto, considerando que o resto de magnitudes relevantes cúmprese como se expuxo anteriormente tal e como se mostra no anexo, mostrando unha situación da entidade local saneada e sustentable.

8.2. Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumprir a Regra de Gasto nos exercicios 2020 e 2021 executando por debaixo do límite máximo previsto no anexo I deste Plan.”

INTERVENCIONS.-

O Sr. González di que é unha cuestión moi técnica que afecta aos anos 2018, 2019 e 2020. A famosa lei Montoro que está afogando aos Concellos, ten uns parámetros que obriga a cumprir. Por un lado temos un importante remanente pero por outro lado se superou este parámetro. Para a cidadanía a lei Montoro afoga aos Concellos, non permite contratar persoal, e solo se pode utilizar o aforro para débeda. Como hai que cumprila entendemos que este plan se debe levar adiante. Se require un criterio social.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O Sr. Boullosa di que a lei Montoro afoga aos Concellos. Na primeira parte do 2019 que coinciden dúas eleccións gastamos máis, se chegamos ao goberno xa arranxaremos e senón xa lle botaremos a culpa aos demais. No ámbito de cultura, no mes de xuño xa estaban esgotados os créditos no seu 80%

Saca unha carpeta de contratacións privadas de 2018 e di que estaba no faiado. O Plan económico foi elaborado por técnicos e conclúe que non se observa ningún problema estrutural no gasto de esta entidade que motive actuacións de contención do gasto. Aínda así, este goberno esta a recortar, e o fai eliminando estas contratacións privadas, gala do maior, 17.600 euros a dedo, porque non atopou as distintas ofertas. Fala dunha carpeta cun nome de muller que non coincide con ningún nome de muller do cadro de persoal do Concello.

A Sra. Amoedo di que estamos nun momento histórico porque é a primeira vez que o Concello de Redondela aproba un plan económico financeiro. Ata o de agora os números foron azuis. Sempre deron os números e agora no seu primeiro ano de goberno traen este plan. Non cumpriron a regra de gasto porque gastaron máis. Non contaban que as facturas que deixaron no caixón tiñan que sumar, por 270.000 euros que deixaron o ano pasado. Respecto aos 18.000 que quedaron do 2018 ao 2019. Tampouco lles deu a regra de gasto en Radio Redondela. O que teñen que facer coa caixa é ir á fiscalía se pensa que ten algo ilegal. Este goberno co beneplácito do BNG trae agora este plan económico e lle aplaude coas orellas. Como consecuencia teñen que cumprir dous anos coa regra de gasto, aínda que o sr. Pedro Sánchez xa llo vai arranxar. Montoro xa fai anos que marchou e aínda ten a culpa. En 460.000 euros incumpriron a regra de gasto e non teñen xustificación.

A Sra. Castro dille á Sra. Amoedo que non engane aos veciños, os números seguen sendo azuis, porque estamos falando da liquidación de 2019. ¿Lembra o 2019, lembra o goberno do PP?. Non hai que ser moi listo para saber por que no 2019 se gastou máis habendo dous procesos electorais. Traballou o goberno a tope e fixo “mogollón” de gasto e chegamos ao mes de xuño coas partidas esgotadas porque se pagaron moitos eventos e moitos gastos pouco xustificadas. O Chapela Fest foi o peche de campaña o venres antes das eleccións xerais no que gasta 36.000 euros. Para min gasto inxustificado e con carácter electoralista. Outros gastos non xustificadas como grandes placas para obras que algunhas a día de hoxe non están adxudicadas. O seu partido gastou diñeiro, pero non veña a enganar porque vostede é partícipe destes datos. Non chegou o PSOE e AER a fundir os orzamentos do Concello. O Plan está elaborado polos servizos técnicos, si incumpríuse a regra de gasto e ao mellor non está sobre os parámetros que debería. Non se pode facer un gasto extraordinario se é necesario? Os cartos están para gastar pero gásteos ben.

Concello de Redondela





Cando chegamos ao Concello o primeiro que nos dixo a Intervención é ollo coa regra de gasto.

O Sr. González di que nos debería ilustrar a voceira do Partido Popular e traer os datos e soamente argumenta sen fundamentos e xoga nun campo embarrado. Esperamos que o PP trouxera nitidamente os datos ou pensaba se gañaba a Alcaldía aprobar uns orzamentos pola porta de atrás como fixeron outros anos, para tapar este desequilibrio. Todos temos no recordo a Javier Bas camiñando pola zona da depuradora ou na explanada de Duches. Todo iso axudou ao incumprimento. A leis están para modificalas. Vende máis facer unha pista polideportiva que determinadas entidades sociais teñan un local e unhas instalacións para desenvolver a súa actividade dignamente. O interventor considera que non hai un desequilibrio e nos parece un proceso de transición e imos apoiar.

O Sr. Boullosa replica que non dixo que fóra ilegal porque senón sería él o primeiro en ir á fiscalía, pero si que ao mellor é inmoral. Lle plantexa á Sra. Amoedo que si recoñece que o goberno anterior ten tanta culpa como o actual neste incumprimento, e si o recoñece lle invita a cear onde queira.

A Sra. Amoedo di que non lle parece ben esa broma no pleno e neste tema. Que si o interventor lle advertiu cando chegaron sobre o incumprimento da regra de gasto e non o tiveron en conta. E inconcibible que o sr. González defenda a actuación deste goberno, que non cumpre con nada. Leva non sei cantos borradores de son sei cantas cousas e non presentaron ningún. Son os responsables do que aparecen nestas contas. En campañas medioambientais tiñan unha partida de 32.000 e non gastaron nin 5.000; en partidas de inclusión social tiñan 17.0000 e gastaron 2.900 euros; en emerxencia social dunha partida de 80.0000 euros gastaron 11.000; pero sen embargo en festas e saraos si que gastaron. Non son vostedes en recoñecer que se lles foi a man.

A Sra. Castro insiste á Sra. Amoedo en que non pretenda enganar aos veciños e veciñas. Os números deste Concello están en azul por moito que non lle guste. Non son facturas no caixón, son unha extraxudicial que se traen ao Pleno e aquí se aproba, significa e que unha factura entra nun período que non debe. Entran no 2020 ou 2019 e veñen de antes. Incluso 2018 2017. Non hai facturas no caixón, non engane. Son facturas que veñen tarde e ademais agora as facturas entran electronicamente no ordenador, non no caixón. Cando chegamos xa nos advertiron da regra de gasto, e seguiron vindo facturas. Este goberno tivo que contratar os eventos porque había en xuño dous concertos contratados para todo o verán. En nove semanas o PP ía arranxar a programación cultural con dous concertos, un de Ana Tarín e outro de tres corais.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes 09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG.

6. Aprobación da Modificación de Crédito MC 21/2020.CE 01/20

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda do día 19 de agosto de 2020 que di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma crédito extraordinario, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do ano 2020.

Visto o informe da Intervención de 17 de agosto de 2020 con referencia ASR-17.08.20.4 con dez páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario de crédito:

Crédito extraordinario

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
1651A/6190038	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2018	0 €	153.013,67 €	153.013,67 €

Concello de Redondela





1711A/6090038	Parques e xardíns / Outras inv. novas en infraestructuras e bens IFS 18	0 €	189.322,18 €	189.322,18 €
3330A/6320038	Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ó uso xeral IFS2018	0 €	401.758,86 €	401.758,86 €
3421A/6320038	Edificios e outras construcións IFS2018	0 €	18.464,51 €	18.464,51 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar á Alcaldesa-Presidenta ou Concelleira/o en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”

INTERVENCIONS.-

A Sra. Castro expón que se traen a Pleno a aprobación das inversións financeiramente sustentables. O que se quere acometer son obras xa coñecidas que foron presentadas no 2018 polo PP, reforma da instalación de iluminación, primeira fase do parque de San Estevo, espazo cultural de Quintela, e rehabilitación da escola de Trasmañó, pago da dirección de obra do campo de fútbol de O Viso. Non se puideron adxudicar por distintos motivos. De non traer agora esta modificación este remanente iría para amortización. Retrasouse máis do esperado por mor da pandemia. O decreto está aprobado a principios deste mes de agosto e tróuxose con premura para poder facerse as obras canto antes. Igual as obras de iluminación non se deberían traer con este financiamento pero como estas obras xa estaban atadas houbo que financiarlas con este remanente.

As cantidades son as que se solicitan para modificar non se corresponden nalgún dos casos co importe das obras.

Concello de Redondela





O Sr. González di que esta é unha segunda fase do pleno de 2018. O BNG dixo que se fixera todo o campo de fútbol de O Viso e completar a obra co remanente pero unha obra completa. Se trae unha partida de eficiencia enerxética, si hai fondos europeos para esta área facer partidas importantes, ata 20 liñas de actuación. Algúns lugares do Concello que non tiñan iluminación, se incluírán, como a zona de A Formiga parece que se vai a recoller. O espazo na parroquia de Quintela, é unha demanda do tecido asociativo de Quintela. Lles parece gravísimo o tema da ordenanza de emerxencia social que saca o PP, sabe que era moi difícil as condicións e que agora utilice eso para atacar ao goberno e o BNG é ruín. Vostede é coñecedora de por qué non se gastaron os cartos. Imos a pedir que se modifique esta ordenanza para apoiar os orzamentos. Non se pode utilizar este argumento para atacar ao BNG.

A Sra. Couñago expón a voceira do PP que cando os demais grupos municipais facemos referencias a outras cuestións teñen as queixas dos concelleiros do PP, pero cando eles falan e expoñen os seus argumentos non se di nada.

Esta cuestión xa foi debatida nun pleno de 2018. Despois dun breve proceso de negociación e ver as propostas dos grupos. Foron aprobadas co voto favorable de PP e AER e a abstención do PSOE e do BNG e o concelleiro non adscrito. Se trata de inverter en mellorar a eficiencia enerxética. Naquel momento unha das obras na rúa Alfonso XII quedou deserta e por iso non se realizou. É necesaria unha obra de iluminación na Formiga, indicar que iso xa leva tempo estudiándose, que necesitase informes sectoriais e debería ser realizada polo Ministerio de Fomento. Na Estrada Nacional de Cesantes, hai un consumo moi elevado en gran cantidade de luminarias, no primeiro momento se fai unha importante inversión pero co tempo se logra un aforro que se pode volver a inverter.

A veces tamén non é solo os cambios de luminarias senón que tamén é importante o cambio do cableado que está dando moitos problemas.

A Sra. Amoedo 762.559,22 euros a diferenza do remanente de 1.500.000 euros no 2018, esa e a primeira diferenza entre vostedes e nós. Previamente se fixo unha xuntanza para escoitar as propostas dos grupos. Vostedes non se reúnen con ninguén e traen o que non fixeron o ano pasado. Si chegan a facer estas obras, estaríamos con peores noticias hoxe. Mentiron aos veciños de Quintela e aos veciños de Trasmañó, de San Estevan. Os proxectos estaban preparados xa, ó único problema e que non daban feito. Si en vez de facer tantas festas, estiveran pendentes das inversións que lle deixamos nós, estarían as obras feitas, e cumprirían a regra de gasto. Agora o facemos co noso remanente de 2020 e a Sra. Digna sae no fotocall.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O que fixeron no campo da Gándara é un autentico escándalo. Esa obra a tiña que facer a Deputación, esa é a forza que tiña a sr. Digna Rivas na Deputación, e a forza que tiña a alcaldesa, ningunha. Por iso votou que non cando se presentou a moción nese Pleno, pero logo saen vostedes encima do céspede, incluído o concelleiro de cultura, amosando como quedou, cando ningún loitou para que iso se fixese realidade. E sae o Sr. González a dicir que o tiñamos que facer todo, cando o que se decidiu foi repartir.

Van a trancas e barrancas do que deixamos nós, como a ponte de Saxamonde non fixeron ben o seguimento desa obra, e tivo que ir a Alcaldesa a pedir desculpas.

A Sra. Castro, responde que tivo un remanente de 1,5 millóns de euros polo catastrazo. Non houbo negociación previa porque non se poden traer outras inversións, é isto ou amortización de débeda. ¿Por que no as fixo vostede? Na obra de Quintela, viñeron persoalmente do colexio de arquitectos a falar dunha reclamación sobre que a persoa que asinou o proxecto non estaba habilitada para elo, resume as seis páxinas: prescínlese da documentación esixida polo código técnico da edificación, non se xustifican as condicións de seguridade estrutural, non se asegura a seguridade da edificación, non se xustifica o itinerario accesible dende a vía pública, non se xustifica a eficiencia enerxética, non se xustifica a eficiencia do edificio contra ruídos, carece de documentación esixida polo regulamento de instalacións térmicas. Este goberno tivo que modificar ese proxecto.

Protestan os concelleiros do grupo popular.

A Alcaldesa estivo 8 anos na oposición e a mínima que dicía algo, e están aí as actas, se lle chamaba á orde; e dende que esta no Pleno como Alcaldesa nunca chamou á orde a ningún concelleiro, porque sei que sodes respectuosos e educados. Eu regulo este Pleno e para iso estou aquí sentada e lle pido respecto. Indica á Sra. Bastos que non fale dende o asento.

A Sra. Castro di que non permite que lle digan que minto, e a obra se incrementa en 60.000 euros máis, non lle digo que teña vostede a culpa, a obra non se fixo porque non se podía e agora hai un novo proxecto que si cumpre. En San Estevo hai un informe o director de obra dixo que non se podían iniciar porque estaban os terreos anegados.

Plantexa a Sra. Amoedo unha cuestión de orden e lle di que a Alcaldesa faltoulle ao respecto ao grupo popular.

Concello de Redondela





A Sra. Alcaldesa lle retira a palabra á Sra. Amoedo.

O Sr. González di que a sra. Amoedo expón o criterio do PP, repartir os cartos, por motivos clientelares, o PP está nas institucións para coller o poder non para gobernar e despois ir polas parroquias arranxar un pouco de aquí e un pouco de alá.

O goberno de Redondela sabe que ten da Deputación 1.200.000 euros se a Xunta fixera así.

Nós fixemos unha proposta, ¿o PP fixo algunha? No seu momento fixemos o do centro de día de Trasmañó e non se fixo esta obra e así xa se rematou a negociación co PP.

A Sra. Couñago di que había que traer as mesmas propostas xa aprobadas nun pleno de 2018, a instancia do PP, queren volver a negociar sobre unha proposta que xa plantexou o PP. Isto foi aprobado en maio de 2018 e non se fixeron antes de xuño de 2019. O que vostedes non fixeron nun ano nós tampouco o podemos facer e ademais cos problemas que tiveron os proxectos.

Cando se presentaron as eleccións sempre por Redondela, e o voceiro do PP cando durou? A xente que votou a AER e PSOE é moita máis que a que votou ao PP pero merecen todo o respecto. Non sei que estamos debatendo aquí se eran propostas do PP.

A Sra. Amoedo se dirixe á Sra. Couñago que non lle está dando voltas as obras. O sr. González o que fixemos é facer algo de inversión en todas as parroquias nas que se poida. Pregunta se non lle parece ben o centro recreativo de Cedeira

Non é un informe vinculante ese que ensina, a obra xa tiña unha empresa adxudicada e o expediente tiña todos os informes favorables, o que fixeron é que se durmiron no sillón. Ensina aquí un informe que vostedes mandaron facer. Obras que quedaron adxudicadas e ven a poñer en dúbida os informes técnicos. Ten un arquitecto en nómina que informou que o proxecto estaba ben, informes favorables de secretaría e intervención. Vimos coas mesmas obras que xa tiñan que estar feitas.

A Sra. Castro di á Sra. Amoedo que o proxecto estaba mal e houbo que cambiala. Dille algo que as empresas renuncien ás obras. Non se fará ningunha obra sen que se revisen con lupa os proxectos do PP. Hai 32 proxectos da mesma persoa en dous anos, que saían como churros. Foi a Intervención que se decatou de que había outro proxecto que non vale. Hai que facer as cousas despaciño e facer as cousas dende o principio con cariño.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Non é o único proxecto que houbo que modificar. Unha obra de 80.000 cun requirimento de 3 páxinas de patrimonio. Unha obra deserta, outra que renuncia a empresa..... algo terá que dicir, non é entendible esta situación.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes 09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG.

Receso ás 23.08 horas. Reanúdase ás 23.22.

7. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito MC 20/2020.GC 07/20 e MC 22/2020.TC 10/20

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 20/2020.GC 07/20 mediante a xeración de crédito por importe de 97.472,63 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 03/08/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 22/2020.TC 10/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 7.403,70 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 19/08/2020

O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

8. Dar Conta da Información do 2º Trimestre.

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-13.08.20.1 de data 13 de agosto de 2020 en relación a execución do orzamento municipal

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





e do estado da tesourería correspondente ao 2º Trimestre do ano 2020, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Pleno do concello quedou informado.

9. Dar Conta da Modificación no Nomeamento de Voceiros do Grupo Municipal Socialista.

Dáse conta do escrito presentado o 05.08.2020 manifestando a designación como voceira do grupo municipal socialista á concelleira María Castro Abad, e como suplente ao concelleiro Vicente Lamas Guisande.

O Pleno do concello quedou informado.

10. Dar Conta da Modificación nos nomeamentos de Tenentes da Alcaldesa.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía número 2020-1762 de data 05/08/2020, que transcrita di:

“Considerando que por Resolución da Alcaldía núm. 2019-1940 de data 9 de xullo de 2019, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente, nomeei ao tenentes da alcaldesa.

Resultando que na sesión ordinaria celebrada polo pleno o día 30 de xullo de 2020, tomouse coñecemento da renuncia do concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago, do que procede reestruturar os nomeamentos realizados a tenentes da alcaldesa.

Vistos os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), - os artigos 62 e 63 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA e os artigos 46 a 48 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) teño a ben RESOLVER:

- Nomear Tenentes da alcaldesa aos seguintes concelleiros/as:
 - Primeira: MARIA CASTRO ABAD
 - Segunda: SUSANA COUÑAGO ANDRÉS
 - Terceiro: VICENTE LAMAS GUISANDE
- Dar traslado da presente resolución ao interesado e interesadas, Intervención e Tesourería municipal.
- Dar conta ao pleno do concello, na primeira sesión que se celebre.
- Proceder a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia.”

O Pleno do concello quedou informado.

Actividades de Control do Pleno.

11. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

A Alcaldesa consulta coa voceira do Grupo Popular si debater a moción ou os rogos e preguntas e acordan a moción.

12. Mocións.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





12.1 Moción de PP para instar ao Goberno de España a Non Apropiarse dos Recursos das Entidades Locais - Remanente

ANTECEDENTES:

Moción de PP, relativa ao Remanente das Entidades Locais con entrada no Concello o día 20.08.2020 con número 2020-E-RE-2.736 que se transcribe a continuación:

“Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en implantar programas e axudas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciñ@s ”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.
2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das Entidades Locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 Entidades Locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron Remanente de Tesourería positivo; destruía a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, Alcalde de Vigo e querendo ser o Presidente da área metropolitana de Vigo, o socialista Abel Caballero .

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Juntos per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real Decreto-lei 27/2020 , de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais , que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns € -a ingresar ás Entidades Locais entre 2020 e 2021- totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real Decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as Entidades Locais cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciñ@s, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real Decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular, presenta a seguinte:

PROPOSTAS DE ACORDO

Manifestar:

1. O apoio expreso do concello de Redondela ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real Decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

2. O fondo rexeitamento deste concello ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha “apariencia” de apoio unánime das Entidades Locais. ao Real Decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

3. Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu Presidente, Abel Caballero, por:

- Non transmitir coa debida dilixencia nin transparencia información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda ao resto de membros dos órganos de goberno da institución.
- Non defender os intereses das Entidades Locais, algo o que está obrigado a facer por razón do seu cargo.
- Provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.

4. O profundo rexeitamento do noso Concello a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados pola veciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.

5. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

6. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.”

INTERVENCIONES.-

A Sra. Amoedo di que o Sr. Caballero fixo unha traizón manifesta aos Concellos de España. Lee a moción.

O Sr. González di que é un papelón da voceira do PP cando no mes de xuño negouse a apoiar unha moción do BNG no que se votou en contra desta proposta. Agora o PP non quere nomear a Galicia salvo no último punto. Hai unha mestura de cuestións, fala de acordos, reprobar ao Alcalde de Vigo, instar ao Goberno do Estado, debería ser máis rigorosa. Manifestar a caza a que está sometendo o PP a Abel Caballero. Si quere falar con él soamente ten que asistir ás reunións da Mancomunidade. Non solo non apoia a moción do BNG senón que despois foron a manifestarse a Vigo, en contra da proposta do PSOE.

Xa que fala dun dos acordos e recursos de inconstitucionalidade do PP sería bo que explicase aquí os fundamentos do mesmo.

Coller o remanente e entregarlo ao Estado para devolverlo en cómodos prazos a que fixo contención do gasto, e impedir inverter aos Concellos para solventar esta difícil situación, de extrema necesidade, e isto non o permite nin

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





a lei Montoro nin este proxecto do PSOE. Cando hai que votar na FEMP ao PP non lle supuxo ningunha erupción cutánea votar con Junts per Catalunya. É unha moción que non arroxa máis luz que a que presentou o BNG.

A Sra. Couñago di que coinciden co exposto polo voceiro do BNG. Se presentou fai un mes unha moción no mesmo sentido.

Estamos para defender o noso cargo antes que o noso partido dicía antes a sra. Amoedo. Omite aspectos fundamentais e crea confusión tratando de facer afirmacións que non son certas, isto é a política da manipulación, do engano. En relación ao remanente apropiado, obrigatorio todo máis lonxe da realidade. Vistas as actitudes dos diferentes posturas dos partidos parece difícil chegar a un acordo. Di que o goberno trata de apropiarse do remanente dos concellos pero vostede non leu a lei, no artigo di poderán comprometerse, non é obrigatorio. Se pode seguir facendo como se estaba facendo. No nos gusta o contido pero a orixe está na lei Montoro. Deberíamos estar a consensuar se procede ou non acollernos a esta opción, non nos obriga. Permite seguir facendo o que se viña facendo todos estes anos.

Apoio a un recurso, consensou este recurso con todos os demais?

A Sra. Castro di que era unha moción previsible, porque Santiago dixo presentar unha moción e é moi ben mandadiña. Non conte co apoio deste grupo. Bota en falta nomear a unha administración a autonómica, a Xunta de Galicia. Fala de que as entidades locais tomamos moitas decisións que tiña que ter asumido a Xunta de Galicia. Foron os concellos os que tivemos que dotar de medios para que os rapaces puideran ir para a casa, non tiñan internet, os centros se organizaron para que tiveran ordenadores e o concello de Redondela puxo a conexión. Estou esperando agora que a Xunta cumpra coas súas funcións. O fácil é tomar decisións pero os gastos e as tarefas os teñen que asumir os concellos. Abrimos os parques infantís porque o di o sr. Feijoo e os concellos asumen os gastos de desinfección. Agora asumir a limpeza dos colexios tres veces ao día. Viuse nalgún momento recompensado ese esforzo dos Concellos pola Xunta, solo recibimos ata o momento seis mil euros.

Poñer dispoñer do 100% dos remanentes de tesourería, e a lei de estabilidade, lei do sr. Montoro.

A Sra. Amoedo di que levan gobernando un tempinho no goberno central e non foron quen de cambiar a lei Montoro. Vostedes prometen e logo non fan absolutamente nada. E tratan de pasar de puntillas pola nefasta xestión de Abel Caballero. A FEMP determinou dos puntos fundamentais e Abel Caballero se o saltou.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Cando lle chaman de Moncloa se cuadra e se esquece dos concellos. Haberá que explicar por qué se fixeron esas negociacións a expensas da xunta de goberno.

Á sra. Couñago dille que leva vostede un ano cobrando un soldo e non fai o seu e dime a min que non leo a lei. O primeiro que ten que facer é poñer en marcha os consellos parroquiais, e poñer ben o portal de transparencia.

Non é obrigatorio pero si non damos o remanente non hai fondos. Que Abel Caballero non decida arbitrariamente e partidistamente

Plantexa que si hai que quitar o punto referido ao recurso de inconstitucionalidade o quitamos.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, non se aproba, sendo 09 votos a favor do PP, e 12 votos en contra (07 do PSdG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

13. Rogos e Preguntas.

Non se manifestan.

E sendo as vinte e tres horas e cincuenta e sete minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

